

BIOGRAFÍA¹

Victorino Pérez Prieto

1. A familia. Infancia e mocidade. Os primeiros estudos

Moncho, Ramón Valcarce Vega, naceu en A Coruña o 5 de setembro de 1935 nunha familia da burguesía comercial herculina. O seu pai, Carlos Valcarce Suárez, veu para A Coruña cando tiña 15 anos desde a súa vila natal no Bierzo (Pereda de Ancares). Del herdou o espírito loitador, a austeridade e a valentía ante o sacrificio; así coma un especial respecto a todos e unha firme honestidade. “Meu pai era un ser excepcional, un home feito a si mesmo –di del Adela, irmá de Moncho-, traballando sempre; quería que os seus fillos fosen todos catedráticos... Unha cousa especial. E tódolos irmáns de Moncho estudaron Dereito”².

A súa muller, María Xosefa Vega Ayala, a nai de Moncho, era da burguesía coruñesa e representaba o típico espírito coruñés: aberto, festeiro, extravertido, espontáneo e xeneroso. Tiveron oito fillos: Carlos, María Xosefa, Elisa, Xosé Luis, Manuel, Ramón, Adela e Rita; con eles vivían o tío Manuel Vega e dúas “muchachas”. A casa da familia era un inmenso piso do edificio Simeón, na rúa da Franxa -hoxe ocupado por oficinas municipais- pois o seu avó materno fora socio do coñecido empresario e banqueiro e o tío Manuel Vega era director xerente de Simeón. Unhas “paredes señoriais” con “cuartos paxegos”, dicía Moncho. Así fala desta casa nunha “Carta al niño Jesús”, no Nadal de 1961:

“Yo vivo en una casa de 20 habitaciones amplias y exteriores bien amuebladas y confortables...

Cuando a las 12 me senté a la mesa, me puse colorado –porcelana, cristal, plata y champán-... ¡Soy hijo de familia!” (*Caderno marrón* 1, 24/12/61).

Con todo, Moncho quérelle ben á súa familia e dá grazas por ela: “A miña querida familia ten defectos, pero ten unha gran virtude, ¡as comidas familiares!, que poñen en contacto a todos” (*Caderno marrón* 1, 30/1/62). Particularmente, Moncho tivo sempre un comportamento especial coa súa irmá Rita, minusválida psíquica; un enorme cariño e unha paciencia case heroica, mesmo cando el estaba xa grave; sempre a estimaba como se fose o verdadeiro tesouro da casa.

Como os seus irmáns, Moncho fixo o bacharelato como interno no colexio dos Xesuítas de Vigo “Apóstolo Santiago” (1945-1950); pero expulsárono e volveu á Coruña para facer a reválida e o Preu no Instituto Masculino (1952). Foi un estudante máis ou menos normal, moi afeccionado á lectura e a escoitar música clásica: “A

¹ Esta Biografía ten como punto de partida a “Pequena biografía desde a amizade”, realizada por Manuel Espiña en 1994 para *Revolucionario e místico. Diario íntimo*; pero está corrixida e moi ampliada con máis información, concretamente con documentos de Moncho, dirixidos a el ou a outros destinatarios, dos que puidemos dispor grazas ao coidado do seu amigo Vicente Cerdeiriña e outros amigos de Moncho. Esta documentación axudoume a corrixir erros de vulto que se teñen feito noutras biografías e cronoloxías anteriores. Cf. VVAA, *Moncho Valcarce. Semente en todos os campos*, A Coruña, 1993 e Brais de Castro, *Moncho Valcarce. O cura das Encrobas*, A Coruña 2003 (libro do que, con todo, aproveitamos algúns textos de entrevistas e cartas, aínda que deploramos non ter a referencia precisa). Repite algúns dos mesmo erros un tríptico coa biografía de Manuel Bello Salvado, *Moncho Valcarce. Revolucionario e místico*, As. Cultural Obradoiro da Historia.

² *Moncho Valcarce. O cura das Encrobas*, 29.

música de Mozart é unha meditación marabillosa”, escribe (*Caderno marrón* 1,30/10/61). Gustáballe o mar, nadar, tomar o sol... viaxar.



Moncho nos anos de escolante

No 1953 ou no 1954 matriculouse na Facultade de Dereito de Santiago; pero en Santiago dedicouse máis á esmorga que ao estudio, e perdeu o curso... Fala no seu primeiro Diario dos ligues e das amigas (“La Pamplonica”...), das troulas, borracheiras e “descalabrada vida” deses tempos... unha vida bohemia de señorito (*Caderno marrón* 1³). Eran tempos nos que “o corpo aguantaba todo o que lle botada”, escribiría Moncho nun dos seus últimos cadernos (*Diario íntimo da doenza final*). Ante tal panorama, o seu pai mándalle volver para A Coruña, e matricúlase de novo en Dereito na USC, pero xa por libre. Así foi sacando os cursos de Dereito; pero finalmente tivo que completar os estudos en Salamanca, por problemas académicos con algunha das materias. En A Coruña estudou con Gonzalo Fernández Obanza, un avogado que pertencía aos Cursillos de Cristiandad, tiña un bufete na Calle Real e daba clases particulares de Dereito.

Aínda que xa o viña cavilando de atrás, no último ano de carreira Moncho decidiu facerse cura. Tras volver das milicias en Monte la Reina (Zamora), a decisión está tomada, como escribe no seu Diario:

“Todos los días me martillea machaconamente en la mente la misma idea: ¡Entrar en el Seminario! ¿Por qué ahora? ¿Por qué? Voy a terminar Derecho, ¡por fin!; no tengo el problema de las oposiciones, pues me espera la Delegación de Procura en Vigo. ¿Cómo voy a ser sacerdote? ¡Yo!...” (24/9/1961)

¿Que foi o que o levou a tal decisión? Nunha entrevista aparecida en *Teima*⁴, Moncho contesta á pregunta dicindo sen máis: “Non sei por que, cecais por unha vena de misticismo”. Vicente Cerdeiriña ten dito ao respecto: “Na súa vocación influíron varias persoas que lle axudaron a descubrir a Deus na súa vida: un sacerdote, un médico e outra persoa máis... O sacerdote foi Manuel Espiña”⁵. Consonte con isto, e polo que escribiu o mesmo Moncho nos seus Diarios, a resposta está, posiblemente, na conxunción entre un desengano amoroso e, sobre todo, a reflexión persoal verbo da súa

³ Temos dous cadernos que nos falan algo deste tempo, aínda que feitos ao seu remate, escritos en castelán, a única lingua de entón para Moncho: *Caderno marrón* 1 e 2. O primeiro caderno comeza en setembro do ano 1961, pero Moncho fala no segundo de que as súas memorias empezan no 57, nun caderno do que conservamos só follas soltas.

⁴ “O cura de Sésamo: Hai que derruba-las estruturas da Igrexa”, *Teima*, 20 (1977). Xa se sabe da escasa fidelidade das entrevistas ás palabras que di realmente o entrevistado, cousa da que se quere fuxir nestas páxinas, citando o seus escritos de modo fidedigno. Entre outros erros biográficos do entrevistador, reduce con inexactitude os estudos de Dereito de Moncho na Universidade a dous anos. A entrevista foi reproducida practicamente íntegra, en castelán, en *Personas*, no mesmo ano.

⁵ Moncho Valcarce. *O cura das Encrobas*, 30.

vida que lle axudaron a ver como desenfocada e inútil os seus encontros co algún cura, e, especialmente, con militantes de Acción Católica e dos Cursos de Cristiandad, cos que tivo relación; particularmente Emilio Díaz, coñecido locutor de RNE⁶. No seu Diario, Moncho ve que ese foi o camiño que o levou cara ao sacerdocio dun xeito providencialista, no que Deus foino conducindo ata situalo nunha encrucillada:

“¡Dios está decidido a ganar! Me pone una chica delante, Lela. Me enamoro y, viéndola superior a mi, inmaculada ¡quiero ser mejor para ser digno de ella! Empiezo a caminar, aunque en zigzag por el camino de la derecha. Es ella la que me mueve a ir a Cursos, y una vez curado, cumplida su misión, me da las definitivas ¡calabazas! ¿No se ve aquí la mano de Dios?” (*Caderno marrón 1*, 5/2/62).



Moncho nos anos de estudante universitario

Nos seus primeiros Diarios, Moncho fala de estadias en Melide na casa do seu amigo Carlos Soto –compañeiro de estudos en A Coruña e logo funcionario de Correos-, que o puxo en contacto co seu irmán Lito (Luis), un cura novo que estaba en Gondollín, parroquia humilde de Melide (“A igrexa é unha pobre capela... Lito vive nunha humilde casa”, *Caderno marrón 2*, 27/4/62); di Moncho que atopou alí un “remanso de paz”, afastado da cidade: “Na cidade non se pode meditar, e Deus lévame a Gondollín, onde a paz, o silencio e a calma abren a alma á meditación” (*Caderno marrón 1*, 5/2/62). Fala tamén de Paco, un cursillista casado e con familia numerosa de Lourés, preto de Gondollín... Sen dúbida estes e outros crentes alimentaron a súa decisión de cambiar de vida.

Nun texto serodio, que recollemos tamén aquí -sen data, pero coa súa inconfundible letra- fai una recapitulación da súa vida pasada e presente, concluíndo:

“Eu non saín ó encontro de Xesús, foi El o que saeu ó meu encontro; como compañeiro de mili, como un amigo avogado, como un cura. Todos eles me acolleron con simpatía e fixéronme ver a merda que era a miña vida: unha vida estéril, só pensar en min e pasalo o mellorciño. Fixéronme descubrir a Cristo e lein os Evanxeos –cosa que nunca fixera- e o meu corazón deixou de estar *seco coma un garabullo, coma unha pedra*”.

⁶ No *Caderno marrón 1*, 30 e 31/1/ 62 fala dos seus encontros con grupos de Acción Católica e co equipo de cursillistas. No *Caderno marrón 2*, 2/5 61 fala da participación na clausura do 72 Curso de Cristiandad (pode que sexa o mesmo do que falan o *Caderno verde*), dando grazas polos testemuños escoitados, e nunha follas soltas dese tempo, reza por un Curso que se está a realizar en Compostela e lembra “canto lles fixen rezar e sacrificarse por min. E Ti oíchelos”.

Sen dúbida, a decisión de ir ao Seminario tivo que ver cunha profunda conversión relixiosa e existencial, como reflicte nos seus Diarios. Moncho é moi consciente do cambio rotundo que supón na súa vida e das renuncias que implica.

“¿Es posible que un hombre pueda cambiar tanto? Los humanos sólo nos maravillamos ante milagros materiales, el paralítico que se levante, el ciego que ve... los espirituales no nos hacen creer ¿Por qué? Ponte de rodillas y adora el milagro que Dios obró en ti...

Hoy se que tengo vocación, lo prueba lo externo, detalles pequeñísimos. Antes compraba novelas, biografías. Hoy compro libros de cultura religiosa, meditación, o problemas sociales, porque quiero estar más cerca de Dios” (*Caderno marrón 2*, 28/4/62).

“Me esperan luchas y sacrificios ¡No temo! ¡Pobre del hombre que no tenga luchas!... La lucha y el sacrificio son necesarios para el espíritu. Sin lucha no se es nada. (8/5/62).

“¿Renuncio al matrimonio?... ¿Renuncio a la descendencia?... La verdadera renuncia está en la soledad, y la abrazo porque en ella está Dios” (13/5/62).

A primeira dificultade para o cambio estaba no pai, que pensaba nel para que o sucedese na empresa da que era xerente: “La Artística”, dedicada á litografía para os deseños de industrias das latas de gran parte das conserveiras galegas. Aínda que Moncho xa tivera conflitos con el pola súa vida pouco ordenada, e mesmo parece que chegou a irse da casa... Nalgunha páxina dos seus Diarios queda isto reflectido:

“Sudor me costó el consentimiento paterno para hacer este viaje [tan só unha viaxe a Melide]... En mi casa nada puedo pedir ni proponer... Mi padre esperaba grandes cosas de mi y se llevó un chasco cuando se entera que quiero ingresar en el Seminario ¿No debía de ser al revés?” (*Caderno marrón 2*, 27/4/62).

Pero, no seu novo empeño axudouno a súa nai, a quen lle dera unha gran alegría con esta decisión. No *Caderno marrón 1* conta dun xeito providencialista como Deus o foi levando a esa decisión:

“¿Será que Dios no quiere que termine la humana carrera? En Procesal, asignatura regular preparada... a pesar de haberme asegurado X que con presentarme aprobaba ¡no me examiné! La causa, mis nervios se desataron y me obligaron a salir del aula ¡Quizás Dios les ordenó actuar! En Hacienda también anduvo Dios por medio...

Resultado ¡suspense! Antes me gustaba la carrera de las Leyes, la estudiaba con ganas. Hoy no me llama; sólo deseo que llegue octubre del 62 para entrar en el Seminario ¡Si! Quiero ser sacerdote” (*Caderno marrón 1*, 10/10/61).

Moncho pensa en “salvar almas”, quizais en América, onde ían parar entón moitos curas cheos de ilusión. Con espírito de entrega e sacrificio, non lle importa o anonimato e mesmo o esquecemento, ata o da súa mesma familia:

“Pronto mis amigos ni se acordarán del camarada que a los 26 años se fue de cura. Mis sobrinos, de tarde en tarde, hablarán de su tío cura, como de un ser lejano, casi muerto, y mis hermanos, ocupados por sus familias, me recordarán si ven una fotografía antigua en la que aparezco con uniforme militar o con sotana de seminarista.

¿Mis padres? Señor, que comprendan y se consuelen con tu palabra: ‘Dejad que los muertos entierren a sus muertos’” (*Caderno marrón 2*, 1/4/62).

2. Os estudos eclesiásticos: entre Santiago e Roma

1) *San Martiño Pinario. Os comezos no Seminario*

Foi Manuel Espiña o que puxo a Moncho en contacto cos formadores e a dirección do Seminario para o seu ingreso. Coñecéao en 1961; fora velo cando Espiña estaba aínda en Betanzos. Fernández Obanza enviara a Moncho cabo del, para que o axudara no seu discernimento vocacional e no acompañamento espiritual; Moncho deixáralle entón o Diario que fixera nos anos 1957-1961. “Xa vin claramente que era moi forte o seu amor a Deus -ten dito Manuel Espiña- e o desexo de entregarse aos demais, aos humildes sobre todo. Vin que era unha vocación clara”. Ao ano seguinte, Espiña foi nomeado polo cardeal Quiroga Director Espiritual do Seminario Menor de Belvís, en Santiago, e puido seguir máis de preto o camiño de Moncho no Seminario Maior de San Martiño, na mesma cidade.



Moncho de sotana diante do Seminario de San Martiño Pinario

No mes de setembro de 1962⁷ ingresou no Seminario Maior de Santiago, o mesmo día que Vicente Cerdeiriña, oito anos menor, pero que tamén viña “da vida civil” -non do Seminario Menor-; como outro compañeiro co que tería a amizade máis forte nos anos do seminario compostelán: Jimmy (Manuel Torre Vilariño), que, como logo Moncho, sería torturado pola súa defensa das liberdades (Jimmy no Brasil da dictadura militar e Moncho na Galiza). No *Caderno marrón 2* conta a ilusión polo comezo dos estudos eclesiásticos nese outono do 62, e a experiencia do seu cambio. Custoulle bastante a adaptación, porque tiña xa 27 anos e os seus compañeiros eran moito máis novos ca el; pero foino superando. Así escribe Moncho nunhas follas soltas nas que fala dos Exercicios Espirituais que adoitan facer os seminaristas ao comezo do curso. A meirande novidade era daquela que non andaba coa sotana, coma o resto dos seminaristas, senón “de paisano”, co que crebaba a uniformidade da “marea moura”; pero máis grave é o illamento que sente pola diferenza de idade cos seus compañeiros de estudos.

“Los dos primeros días sin novedad. Caras nuevas, amabilidad, curiosidad. Los teólogos [os maiores, máis pertos da súa idade] me conocen todos, ¡ando de paisano!, pero yo a ellos ninguno, todos me parecen lo mismo, porque su uniformidad es total. Con ellos me pasa lo mismo que con los negros, en nada se diferencian.

⁷ Non no 1959, como se ten dito erroneamente nas biografías citadas na nota 1.

Por la mañana en misa poco faltó para caer de narices; la causa: un mareo por estar de rodillas durante la meditación...Fui a la capilla... Con Dios se está bien. Charlé con Él una media hora; le conté lo que me cuestan estos primeros días; la soledad que siento ante tanto infantilismo” (Follas soltas, 5/1062).

Na citada entrevista de *Teima*, cando lle preguntan como lle foi no Seminario di Moncho: “¡Peor ca na mili! Aquilo era un cárcere; como estar na cadea. O primeiro ano pasei moi tranquilo; máis despois, ó mirar todo aquilo díxenme ¡Isto non pode ser! ¡Non se pode educar así a un crego!”. “Os anos de Seminario..., todo menos fe”, escribe no *Caderno verde*, en Roma. Nas mesmas páxinas di aínda unhas verbas máis duras a respeito do Seminario: “As persoas máis egoístas que tropecei foron os curas ou os seminaristas... Onde vin menos *comunitarismo* foi nos centros de formación eclesiásticos, e onde o vivín máis intensamente nos lugares onde nin se sabía qué era oración” (23/11/64). Como conta o seu compañeiro Miche (Ramón Campos), Moncho non tivo nestes anos de seminario un liderado particular, nin destacaba polas súas postura radicais; só pola súa espontaneidade para dicir o que sentía e pensaba.

2) Universidade Gregoriana de Roma

Tras dous cursos no seminario compostelán, Moncho pasou a estudar Teoloxía na Universidade Gregoriana de Roma, xunto co seu amigo Vicente Cerdeiriña. Sen dúbida, foi decisivo para este paso a axuda económica do seu pai, que quería que o seu fillo, de non ser un gran avogado fora un cura “de carreira”. Pero tamén, como me contou o mesmo Vicente, pola ilusión que lles facía seguir de preto o Concilio Vaticano II. Moncho estivo en Roma entre os anos 1964 e 1966; anos de cambios fundamentais na Igrexa católica, que cadraron cos últimos tempos do Concilio Vaticano II -o último concilio ecuménico da Igrexa- e os primeiros do postconcilio. Sempre dixo que se atopara moi ben alí; “en Santiago educábannos coma nenos pequenos -ten dito-; e non para curas abertos á sociedade, senón para cregos de sancristía”; ademais, “non educaban para ser un *cura galego*, comprometido co pobo en Galicia”; Moncho consideraba abstracta a Teoloxía e a Moral que recibira en Compostela.

Chegou a Roma o 13 de Outubro de 1964, e residiu no Pontificio Colexio Español de San José de Roma. Deixounos un fermoso Diario duns Exercicios Espirituais feitos a pouco de chegar á Cidade Eterna (*Caderno verde*), no que conta tamén as súas primeiras impresións de Roma. Pero non temos referencia alí dos presuntos contactos que puido manter con algún cura do PCI e as forzas políticas da esquerda italiana, como se ten dito nalgunha ocasión, aínda que puidera empezar a ler a Marx e Lenin⁸. En calquera caso, isto non tivo nada que ver coa súa volta a Galiza, que foi voluntaria e polas razóns que diremos; aínda que parece que non tivo pouco que ver niso uns graves problemas intestinais que lle atendeu o Doutor Stefanini, como conta nun artigo Xesús Ferro Ruibal⁹, un dos seus compañeiros alí. Con todo, xa daquela Moncho era un “*fuori sistema*”, como din os italianos; unha persoa á marxe dos moldes sociais establecidos. Cóntame Ferro Ruibal que no Colexio Español de Roma non había daquela máis que dúas persoas así: Moncho e Jose Manuel Balentziaga, un vasco que logo sería coñecido en Donostia como Balentxi “o cura da bicicleta”; buscando algo

⁸ “En Roma foi cando conectou con outros curas endiabladamente comprometidos ca realidade social e, incluso, integrados no Partido Comunista Italiano”. Xavier Navaza, “Del Vaticano a Sierra Maestra”, “Edición siete”, *El Correo Gallego*, 7/1/93. Con todo, no grupo dos teólogos galegos en Roma (vid. nota 9) un dos curas chegou a militar logo no PCE, Joám Trillo; fala del sen nomealo, X. A. Martínez García no seu traballo *A Igrexa antifranquista en Galicia (1965-1975)*, A Coruña 1995, 50-51.

⁹ Xesús Ferro Ruibal, “Moncho Valcarce”, *La Voz de Galicia* 5/12/93.

máis deste, descubrín que Balentxi foi un cura vasco recentemente finado, rebelde, moi achegado aos pobres, inimigo dos opresores, irmán dos presos e comprometido co movemento abertzale; sobre el fíxose tamén un libro de expresivo título: *Balentxi. Hamalaugarren apostolua* (“Balentxi. O catorceavo apóstolo”).



Moncho (segundo empezando arriba pola esquerda) con compañeiros de estudos en Roma

En Roma tivo Moncho a súa conversión galeguista, como el mesmo ten dito: “Eu empecei a descubrir Galicia en Roma alá polo 65-66”¹⁰. Pode que fora algo por aquilo que di Cerdeiriña de que “lonxe da terriña é cando afloran os sentimentos”; pero, sobre todo, da man dos compañeiros de “Os Irmandiños”, o grupo de estudantes galegos de Teoloxía en Roma¹¹. Estes puideron introducirlo na lectura de Curros, Cabanillas, a un tempo pío e radical (“*Antes de ser escravos, irmáns, irmáns galegos, que corra o sangue regos, desde a montaña ao mar*”), Celso Emilio Ferreiro e, por suposto, Castelao... Eles puideron achegalo á identidade nacional de Galiza, á situación de asoballamente que padecía, etc. Seguramente, comentarían no grupo as históricas revoltas de Castrelo do Miño (1965), que marcaron particularmente a Moncho, como di na entrevista de *Teima*: “Aló axudáronme a ollar un pouquiño para Galiza. Eran os anos de Castrelo de Miño e todo me axudou a comprender”.

Con todo, o que Moncho fala no *Caderno de Roma* é da súa vida pasada e presente cunha mentalidade de converso relixioso.

“¿Eres hoy mejor que antes de entrar en el seminario? En unas cosas si; se terminaron las borracheras, las juergas, la irresponsabilidad, el querer prolongar la niñez, edad en la que nuestras decisiones no tienen importancia o no se quieren ver. Pero en otras cosas ¿Donde está tu querer hacerte igual a Cristo? ¿Donde está tu vida de sacrificio?” (22 de Novembro).

En 1966, cando lle faltaban dous anos para ordenarse sacerdote, Moncho parece que ten xa moi claro que debía volver a Galiza e ser un cura galego, fronte a falla de compromiso da maior parte da clerecía galega. Tornou ao Seminario de Compostela, posiblemente coa idea de formar un equipo de compañeiros da diocese, co proxecto de

¹⁰ Entrevista a Moncho Valcarce realizada por Gumersindo Campaña, 25/10/90, en *Moncho Valcarce. Semente en todos os campos*, 108; publicada anteriormente de xeito parcial na revista *Irimia*.

¹¹ Aínda que o grupo galego en Roma xa existían cando Moncho chegou á Cidade Eterna, “Os Irmandiños”, constituíronse como grupo en Outubro de 1966 e duraron uns oito anos. As súas reflexións e publicacións foron nunha dobre dirección: Igrexa e lingua galega e compromiso sociopolítico; cf. *A Igrexa anti franquista en Galicia*, 87-89, con varias referencias bibliográficas. Na nota 17 temos algúns dos integrantes do grupo no tempo da estancia de Moncho en Roma. Ademais deles, foron alí compañeiros de Moncho outra xente logo coñecida como o famoso filósofo Sádaba.

atender unha comarca rural de Galicia. Este propósito de vivir e traballar en equipo sería unha das teimas constantes ao longo de toda a súa vida sacerdotal. O académico Xesús Ferro Ruibal conta unha anécdota simpática da viaxe de volta á casa:

“Volviches a Galicia, e na aduana de Irún rexistráronche a maleta; empeñáronse en que o Novo Testamento en grego, ferramenta de teólogo, era nada menos que os Pensamentos de Mao en chino. Era 1967... ¿Quen sabe se tiñan razón na súa ignorancia aqueles gardas?”¹².



Orla do curso no Seminario:

No centro o cardeal Quiroga; enriba de todo o rector (Manuel Capón), e acompañado nas filas a cada lado, os profesores (entre outros, Martínez Bretal, Manuel Silva Costoya, Xesús Precedo, Carlos Gil Bandín, Manuel Silva Bahamonde...). Non figura o vicerrector e verdadeiro rector en funcións (Antonino Castro), e o prefecto co que tivo máis conflito Moncho (Manuel Bugallo), por razóns non moi claras. Moncho está na terceira fila, o primeiro pola dereita; os seus amigos Vicente Cerdeiriña, no centro o primeiro por abaixo, e Jimmy, o segundo da cuarta fila empezando pola dereita. Joaquín Cifuentes –o ideólogo do curso- na primeira fila o segundo pola dereita, e Miche Campos -con quen falamos para estas páxinas- está na segunda fila o segundo pola esquerda.

En Santiago, Moncho súmase ao intento do seu curso -4º de Teoloxía, “un curso rebelde”, como conta o seu compañeiro Miche- para mellorar o ambiente do Seminario en tódolos aspectos: na vida espiritual, na formación cultural e nas relacións humanas, así coma nas actividades pastorais. Pero, a pouco de comezar o curso 1967, o conflito co equipo que dirixía entón o centro fíxose insostible, e foi expulsado xunto a outros dous compañeiros: Joaquín Cifuentes, o ideólogo do curso, e Jimmy (Angel Torres Vilariño). O desencadeante foi algún problema de disciplina, enfrontamentos verbais co equipo directivo e un escrito contra o tipo de organización e ensino do seminario, asinado polo curso e do que Moncho foi seguramente coautor, xunto con Cifuentes¹³; el mesmo o recorda en máis dunha ocasión:

¹² Xesús Ferro Ruibal, “Moncho Valcarce”, art. cit.

¹³ Ver o texto completo aquí en “Cartas e outros escritos”. A comunicación da expulsión é do 18 de Novembro de 1967, segundo a referencia que temos dunha carta de Manuel Calvo Tojo, o que sucedeu na dirección ao equipo de entón. No momento da expulsión, o rector era Manuel Capón, pero realmente non exercía xa por vello; polo que a expulsión debeuse ao vicerrector Antonino Castro e particularmente ao prefecto Manuel Bugallo, de quen fala Moncho repetidamente no seu *Caderno marrón* 2b.

“Ó volver de Roma, vin ao Seminario de Santiago. Expulsáronme ós 12 días porque promovín un escrito contra o tipo de ensino e organización que había alí. Dixeron que era un escrito sindicalista de tendencia comunista”¹⁴.

Parece que o resto dos compañeiros do curso (26) estaban dispostos a irse para casa se non se readmitía aos despedidos. Ademais, Manuel Espiña foi falar co prefecto, Manuel Bugallo –parece que o verdadeiro causante da expulsión–, para pedirlle contas por tal decisión, que consideraba moi inxusta. O prefecto, sen verdadeiros argumentos, contéstalle:

“- É que Moncho quería facer un seminario ideal!

- ¿E logo, que queredes facer, unha casa de p.? -reponlle Manuel Espiña-. Porque, dime, tedes aquí algún seminarista máis entregado, máis solidario, máis servicial e con máis espírito de oración que Moncho?

- Non -dixo o prefecto-. Pero é que Valcarce quería facer as cousas demasiado rápido; nun só ano!”

Manuel Espiña vai logo ver ao arcebispo, o cardeal Quiroga Palacios e Don Fernando solucionou o problema decidindo que aquel curso continuara estudando con el en A Coruña, colaborando na parroquia de San Xosé e na Colexiata; e examinarse por libre ao remate do curso. En A Coruña, Moncho participaba na confección da Folla Interparroquial *Tu parroquia*; aínda que Espiña era xa cóengo da Colexiata, o abade era Santiago Fernández, non el, como se dixo erroneamente. No *Caderno marrón*, Moncho escribe o seu desasosiego pola situación creada no Seminario; situación que el non consegue comprender, pero que adiviña desde a clave da persecución do seu modelo, a persoa máis boa que existiu: Xesús de Nazaret.

“Me vuelvo loco pensando ¿qué me falta para ser presbítero? ¡Nadie me lo aclara! Hablo con Antonino [Vicerrector e verdadeiro rector], Bugallo, Quiroga, y cada uno dice una cosa, que si ‘mi postura ante todo’, que si ‘inmadurez’, que si esas ‘cualidades que exige en Concilio y no las tengo yo’... Se habla de mi influencia y al hablar de ella se la considera pernicioso. Se habla de mi desconocer la vida... Parece ser que todo lo mío es pernicioso para los compañeros, anticristiano, pecado, antitestimonio... y una serie de palabras que en el fondo dicen lo mismo, al menos para mí, y que resumo en este interrogante: ‘¿Qué decían los fariseos de de Tí [Xesús Cristo], amigo mío?’ Tú chocaste con el poder y hasta que no logró aplastarte no durmió tranquilo” (*Caderno marrón* 2, no comezo).

Temos un escrito da autoría de Moncho, datado en febreiro de 1968 en A Coruña, no que reflexiona “sen xenreira nin amargura, pero con tristura e profunda dor” sobre estes feitos recentes. Quéixase alí Moncho de que “se inventen falsidades, se deformen feitos, se vertan inxurias e calumnias...” contra el¹⁵. Temos tamén dúas cartas desde Roma, desde o Colexio Español, onde residira Moncho. Unha carta está remitida por Germán González, o rector (como manifesta a cabeceira impresa), dirixida a Moncho e datada o 20 de xaneiro; nela dille o rector que lle escribira Manuel Espiña contándolle as cousas, e que non quería “dar a calada por resposta” ante o seu grave problema, pois el “sempre creu que podía ser sacerdote” e que non ten inconveniente para a súa ordenación; mesmo remata dicíndolle “axudarémosche todos”. A outra, da que non podemos verificar o remitente, pois é unha copia (presumiblemente ven da

¹⁴ Manolo Rivas, “Ramón Valcarce, o crego das Encrovas”, *La Voz de Galicia*, 8/10/89.

¹⁵ Ver os textos en *Ibid*.

directiva do mesmo Colexio), está dirixida ao rector de Santiago, pregúntalle que pasou e -corroborando o que dixerá Manuel Espiña-, fala do “espírito de sacrificio e entrega” de Moncho, así como dun “amor á Igrexa fóra de toda dúbida”. Desgraciadamente, non temos a resposta do rector compostelán¹⁶.

Temos tamén unha fermosa carta dos compañeiros galegos do Colexio Español dirixida a Moncho (14 de marzo 1968), que está asinada por nomes coñecidos: Queiruga, Ferro, Trillo, Lago, Domato, Soneira e “cada un dos Irmandiños”, como se autodenominaba o grupo¹⁷. Escribíranlle “unha longa carta ao cardeal”, tentando “rebater as causas das expulsións” de Moncho e os outros compañeiros botados con el, e pedindo “a readmisión e unha revisión a fondo do espírito que rexe o seminario”; din alí que a resposta do arcebispo é “sumamente inxenua” e nela indica que, en realidade “non están expulsados”. Rematan dándolle ánimos:


“A conceición piramidal da Eirexa xa está superada, e unha carta colectiva de protesta non é novidade nin en Santiago... Como amigos que somos queremos axudarche a manter aceso o lume da ilusión... Sabes ben canto precisamos xente sincera i entregada de pes a cabeza. Este será para vós un ano difícil, acedo i escuro. Pro lucirá o sol algún día. E non tardará”.

Un deles, Ferro Ruibal, escribe tras da súa morte, no artigo citado: “Arredáronte doce meses do seminario por incompatible coa nosa mediocridade. Carecías dese sentidiño que temos todos para lle poñermos unha vela a Deus e outra ao demo”.

En fin, temos tamén dúas cartas do arcebispo compostelán, o cardeal Quiroga Palacios, dirixidas a Moncho. Na primeira (26/1/68), en resposta dunha carta de Moncho do 22 de decembro do ano anterior, ratifica a súa “suspensión indefinida dos estudos eclesiásticos”. Na segunda (28/3/69), “visto o parecer favorable” do novo equipo de formadores do Seminario, permítelle a Moncho examinarse por libre no centro das materias que lle faltan para rematar a carreira. E temos unha carta de Manuel Calvo Tojo (11/10/68) desde o novo rectorado, na que lle comunica a Moncho que pode reincorporarse aos estudos eclesiásticos, pero “en calquera outro Seminario”, distinto ao de Santiago. Afortunadamente, isto foi corrixido polo cardeal, tal como indicamos.

¹⁶ Na carta do Rector a Moncho faise referencia á que tamén lle escribiron o mesmo Moncho e o seu amigo Vicente Cerdeiriña. Na segunda carta fálase dun informe solicitado por Ricardo González, un prefecto do seminario compostelán, ao que o Rector romano contestou positivamente.

¹⁷ Xosé Fernández Lago é biblista, profesor do ITC e cóengo compostelán; Andrés Torres Queiruga é teólogo, profesor da USC e membro da R.A.G.; Joám Trillo Pérez é musicólogo e foi director da Xove Orquestra de Galicia; Xesús Ferro Ruibal é filólogo e membro da R.A.G.; Salvador Domato Búa é arquivista e foi secretario particular do arcebispo Rouco Varela; e Xosé Soneira Lema é un cura que foi vicario episcopal de Pontevedra. Tamén formaron parte do grupo en diferentes momentos outros logo sacerdotes, como Juan Filgueiras, Ricardo Viqueira, Alfonso Iglesias, Pedro Varela... ou os lingüistas Martinho Montero Santalha e Isaac Alonso Estravís.



Certificado da Ordenación Presbiteral de Moncho asinado polo Cardeal Quiroga e foto desta

A pesar de tantos atrancos, e aínda que non puido ordenarse sacerdote cos seus compañeiros de curso¹⁸, Moncho foi ordenado por Fernando Quiroga Palacios na igrexa de San Martiño Pinario o 19 de Decembro do 1970, xunto co seu amigo Jimmy e algún compañeiro máis¹⁹, dicindo a primeira Misa na parroquia de San Xosé de A Coruña, a onde pertencía a súa familia. Tiña 35 anos e iniciaba a etapa máis creativa e productiva da súa vida, case vintecinco anos de cura.

3. Cura de Sésamo e Sueiro


O primeiro destino de Moncho Valcarce foi o de cura das parroquias de San Martiño de Sésamo e San Esteban de Sueiro (concello de Culleredo, na provincia de A Coruña), no agro galego, vomo quería, en marzo de 1971²⁰. Segundo conta Manuel Espiña, parece

¹⁸ A maioría recibiron a ordenación en xuño de 1968: Uns en Sevilla, no Congreso Eucarístico (Miche, Mourinho, Santos Canosa, Jijirey... e mesmo un dos expulsados con Moncho, Joaquín Cifuentes, que era precisamente de orixe andaluz e iría de cura á Guadix, Granada) e outros en Compostela (Vicente Cerdeiriña, Lino Castro, Martín Carballo, Manuel Gulías...). A meirande parte destes curas deixaron o ministerio e casaron, outros morreron -algúns de mala maneira- ou dedicáronse... a facer cartos; os menos tentaron vivir honradamente o seu ministerio, como fixeron Moncho e algúns.

¹⁹ Díxose sempre ata o de agora que a ordenación fora no ano 1969; e parece que o mesmo Moncho dixo tal cousa en algunha entrevista. Pero, como pode verse aquí na reprodución que facemos do documento en latín da “Promoción para o Orde Sagrado do Presbiterado” de Ramón Valcarce Vega, asinada polo cardeal Quiroga, a data real é o 19 de Decembro do ano 1970. Conservamos tamén a comisión arcebispal para que se deran na parroquia de San José de A Coruña as proclamas previas á ordenación, asinadas en Santiago o 19 de Novembro de 1970. E conservamos o documento en latín das licencias para o exercicio do ministerio, datadas o 5 de marzo de 1971. As datas que o *Boletín Oficial do Arcebispo de Santiago de Compostela* pon das órdenes sagradas de Moncho son: Subdiaconado, Marzo de 1970 (BOA nº 3195), Diaconado 11/6/70 (BOA nº 3198), Presbiterado 18/12/70 (BOA nº 3204), data errada no día, polo documento indicado nesta nota.

²⁰ Conservamos os documentos do nomeamento por parte do cardeal, datados o 4 de marzo de 1971. É habitual que os curas gardemos estes documentos dos que se fai referencia nesta nota e na anterior, tanto por razóns legais como por razóns afectivas.

que o arcebispo enviouno a estas parroquias rurais preto de A Coruña para que estivera máis achegado aos seus pais, que xa ían velliños e vivían nesta cidade; adoitaba visitalos cada semana. Desde os comezos actuou de maneira moi diferente á pastoral usual; algunha xente non soubo entender o seu xeito rompedor de cura, pero pouco a pouco foi ben aceptado pola maior parte das parroquias, mesmo pola máis tradicional, pola súa bondade e honestidade.



Nomeamento de cura de Sésamo e Moncho celebrando a eucaristía na súa parroquia; ao fondo, no púlpito, a bandeira galega coa estrela

Nas antípodas do nacionalcatolicismo, unha das preocupacións máis fondas de Moncho era o respeito á liberdade das conciencias. Por iso, retirou os confesionarios para o coro da igrexa e nas súas sinxelas homilías buscaba provocar a participación de tódolos fregueses. Na igrexa parroquial tiña a bandeira galega coa estrela no púlpito, e ademais de carteis catequéticos, habíaos de CCLL e demais; as misas celebrábanse con pan e viño normais, sempre na procura da maior autenticidade e dunha total encarnación na vida do pobo. Mesmo, usouse en moitas ocasións o templo coma centro de educación e de xuntanzas de veciños, chegando a facerse alí representacións teatrais e outras actividades para nenos e mozos.

A teima de Moncho era presentar unha igrexa espida de todo poder e interese económico. Negouse desde o primeiro día a cobrar pola súa actividade pastoral e buscou traballar nun serradoiro para poder gañar o pan. Con todo, parece que non chegou a facelo, aínda que colaborara ocasionalmente nistoe neutros labores; Moncho acabaría sendo moi bo amigo de Manolo López García, fillo do dono, que nos contou isto



Unha obra de teatro na igrexa

ultimo²¹. Foi tamén cando se decidiu a falar galego, que non era a súa lingua natal nin da súa mocidade, como vimos. Na entrevista de *Teima* di:

“Ó chegar a Sésamo, escomecei a ver xa directamente o machacados que están os labregos: contribucións arbitrarias, cuota da Seguridade Social, miseria, etc. Eiquí escomecei a vivi-lo asoballamento da xente. Os veciños axudáronme moitísimo, mesmo no asunto do idioma; o galego que agora sei ensináronmo eles”.

Así o di, tamén, na fermosa homilía de despedida da súa última eucaristía en Sésamo, vinte anos despois.

“Cando cheguei onda vós non falaba o noso idioma, non coñecía un sacho, un gavillo; non distinguía unha vaca dun touro... Vós fixestes de min un crego, e un crego galego... Vós ensinásteme a vivir o Evanxeo libertador, que esixe vivir a realidade, ser un máis e servir, non ser servido... Sería eu o mesmo se non vos coñecera, se quedara na Coruña como me ofreceran?”.

A casa parroquial, unha casa grande antiga ateigada de libros e transformada nunha especie de centro cívico-cultural coa axuda dun grupo de mestres e scouts, estaba aberta día e noite. Polo seu afán de formar equipo e atraídos pola súa autenticidade renovadora, xuntáronse a vivir con el varios amigos de A Coruña, que intentaron facer unha verdadeira comunidade, ou mellor unha *comuna*. Foron Fernando Solla, Perico e Isabel -que viñan de Ferrol- e Capelete (Fernando Sánchez-Tembleque); os catro eran mestres, discípulos de Manuel Espiña na Escola de Maxisterio en A Coruña. Dalgúns deles fala Moncho no seu *Diario de Poio*; sobre todo de Solla (un mestre comunista que chegou a ser secretario do Partido do Traballo en Galiza e logo foi liberado da CIG), que sería detido con el en Betanzos. O mesmo Solla cóntanos aquí a innovadora e rica experiencia da comuna. Xuntos organizaron unha biblioteca ambulante para tódolos veciños. Galeguizaron a romaría de San Cosme e editaron en galego o *Outeiro de San Cosme*, folla parroquial orientada á concientización dos labregos e chea de reivindicacións sociais²². Esta folla parroquial atípica, tirada nun primeiro momento na multicopista *vietnamita* duns mariñeiros antifascistas do peirao da Coruña, imprimiuse logo no colexio das Escravas de A Coruña (!), baixo o disfrazo dunha folla parroquial. A folla comezou a súa andaina en febreiro de 1973, e foi fielmente mensual durante un

²¹ Na entrevista de *Teima*, di Moncho: “Traballei eiquí... poñendo as patacas ou sachando no millo ou, despois, *traballando nas toradas, coa madeira*”.

²² Cf. *A Igrexa antifranquista en Galicia*, 83-84.

ano, ata 1974; logo publicou un par de número en 1975 e o último en agosto de 1978. Moncho e estes mozos converteron a casa parroquial de Sésamo e as fincas do igrexario en lugar de acampada de moitos grupos de mozos, atraídos polo novo clima do lugar.



A comuna na rectoral de Sésamo. De esquerda a dereita: Perico, Isabel, un veciño, Solla, outro veciño, Moncho e Capelete (abaixo)

Os amigos de Moncho decatáronse axiña das fontes e os modelos que fortalecían o seu espírito: San Francisco de Asís foi o seu santo predilecto, a quen nun dos seus Diarios do Seminario chega a chamar “segundo Cristo”; quizais por parecerse máis a el, non chegou nin sequera a mercar unha bicicleta. Tamén Gandhi e Xoán XXIII foron compañeiros admirados. De cara a Galicia, Castelao e o crego Basilio Álvarez. Tamén, o cura guerrilleiro Camilo Torres e o pedagogo Paulo Freire, o pai da *educación liberadora*. E, sobre todo, o Che Guevara, do que tiña un cartel na sancristía de Sésamo e a quen se parecía moito, especialmente cando poñía a boina²³.


Por todo isto, era natural que fora moi querido polos seus fregueses, como manifestaron nas resposta a unha enquisa que lles fixo Moncho, cando o arcebispo quería quitarlles ao seu cura (ver no cap. de testemuños):

“Non veu outro crego a Sueiro, nin virá, que loite tanto polo pobo”.

“O pobo de Sésamo necesita un home que sepa defendernos e que sufra por nós e polos problemas do campo; e ese solo podes ser ti”.

“É o único que nos entende”.

“Nos viñeches a ensinar unha relixión sencilla e humana, tal como penso que a concebía Cristo, alexándote de aquela clásica en que o único que nos prometía era o Ceo si nos deixábamos asoballar e ameazándonos co inferno e caso contrario...”.



Portadas de *O Outeiro de San Xusto*

²³ O da estrela bermella coa que se popularizou unha figura de Moncho convertida nun icono, foi un arreglo fotográfico posterior e nunca foi usada por Moncho.

Non só eles, tamén moita xente que estaba contra a falta de liberdades da dictadura franquista e buscaba loitar contra ela para acabar con ese estado de cousas; xente de Madrid e de Euzkadi, xente da UPG ou do PC, MC, LCR, PT... achegábase a Sésamo –a pouco máis de dez quilómetros de A Coruña- como a un oasis no medio do deserto. A porta estaba sempre aberta a todos, non se coñecía nin o medo nin a prudencia. “Estaba aberto a todos os opositores á dictadura, e de unha e outra forma traballaba con eles”, escribe no *Diario de Poio*. Neste diario fala de “xuntanzas en Peiro, Bregua e Boedo, coincidindo ca loita por un precio xusto para o leite”. Moncho non dubidou en agachar na rectoral o aparello de propaganda do Partido Comunista, e alí tiveron lugar moitas reunións de Comisións Campesiñas, ligadas ao PC. Foi o mesmo Moncho quen lle puxo nome á cabeceira do *Voceiro labrego*, boletín das Comisións Campesiñas. Chegou a dar refuxio a militantes buscados pola policía franquista, como Moncho Reboiras, da UPG (Unión do Pobo Galego). Non é de estrañar que a policía viaxara a casa rectoral, xa poucos meses despois de ir Moncho a Sésamo; así o reflicto un escrito enviado por Moncho ao Gobernador Civil de A Coruña a finais de 1972, e logo contestada a comezos de 1973 polo mesmo Gobernador Civil (30/I/73).

“... Pongo en su conocimiento la situación anormal, contraria a las leyes de nuestra *Democracia orgánica*, a la que está sometida la parroquia de Sésamo.

Desde hace unas semanas, mi residencia es vigilada por las fuerzas de Orden Público... desconociendo las razones de la vigilancia...

Comprenderá que la situación por la que mi persona –que intenta dar un *testimonio cristiano*- amigos, colaboradores –cristianos tan comprometidos como para renunciar a una cómoda postura de vida en la capital...- y vecinos estamos pasando, exige una aclaración...” (27/XII/72)

A familia, de ascendencia burguesa e tradicional, non o entendía, como se queixa Moncho desde o seu confinamento en Poio; a ela dedícalle varias páxinas impresionantes, que podemos ver no *Diario de Poio*. Con todo, por ambas partes sempre se mantivo o afecto, a pesar das diferencias.

“Es muy triste que la familia no intente comprender la postura que desde hace años adopté... Uno, después de sufrir a manos de los verdugos del poder, sufre ahora porque quiere a la familia y sufre más porque la familia llega a poner a uno en el dilema de ‘ella’ o ‘la libertad’... Uno, con miedo y dolor, escoge la libertad y sigue amando a la familia... Quiero que tengáis claro mi cariño a todos vosotros y a mamá la quiero muchísimo. ¿Que queréis que haga?... ¿Renunciar a la lucha? ¡No puedo...! Si renuncio, traiciono a mi FE en Cristo” (*Diario de Poio*).



Moncho era un cura diferente por dentro e por fora: barba de revolucionario, vaqueros e camisa por fora, mirada inocente e Biblia na man.

4. Militancia política activa e detencións

Moncho foi, certamente, un cura atípico; pero non era o único cura comprometido co seu pobo na loita antifranquista e no compromiso galeguista; así o teño manifestado no meu libro *Galegos e cristiáns*²⁴. A carón seu, ou noutros lugares de Galiza, no mundo rural, no mundo obreiro e na fronte cultural, estaban Francisco Carballo (un padre paúl que foi un significativo militante da ANPG e logo do BNG), Xosé Antón Iglesias (diocesano de Compostela que foi o primeiro cura na UPG), Miguel Fernández Grande, Manolo Peleteiro, Benito Santos, Vicente Couce, Xaquín Campo Freire, Antón Aneiros, Anxo Currás, Xosé Chao Rego, Ramón Díaz Raña, Bernardo García Cendán, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Leopoldo de Sindrán e o seu homónimo Leopoldo López Rego (un pasionista moi importante na loita labrega, que logo deixou a congregación), etc. En *Galegos e cristiáns* dou bastante conta deles²⁵.



Moncho, un cura co puño ergueito

Particularmente, Moncho formaba parte dun grupo de curas rurais e urbanos que se xuntaban periodicamente nos locais parroquiais de San Nicolás, en A Coruña, e estaban identificados por una publicación de expresivo nome: *Mar Roxo. Boletín de información política para cregos*. Era unha revista vinculada aos grupos de CpS (Cristiáns polo Socialismo)²⁶; un instrumento para “atacar a ideoloxía dominante”, que se definía cunha ideoloxía marxista e cristiá, pretendendo reinterpretar a fe desde o compromiso coas clases populares. Desafortunadamente, só saíron dous números. O grupo formábanlo, ademais de Moncho, os seus amigos Gumersindo Campaña e Gino (Domingo Martínez Beiro), os curas coruñeses Carlos Vázquez (verdadeiro lider e animador do grupo), Marcelino Liste, Alfonso Mascuña... No comezo era un grupo meirande, pero pouco a pouco foronse descolgándose compañeiros, ao xurdir diferentes posicionamentos políticos; uns claramente de esquerda socialista e outros máis moderados. Este grupo mantivo unha forte confrontación co estilo pastoral do arcebispo Angel Suquía, daquela nomeado membro do Consello de Estado polo mesmo Francisco Franco. Moncho escribiu en *Mar Roxo* un artigo expresivo “A nosa fe contra FENOSA”. Non se pode esquecer tampouco o labor dos “Coloquios de Parroquias”, de onde saíron curas que militarían en organizacións clandestinas da esquerda.

²⁴ Victorino Pérez, *Galegos e cristiáns*, SEPT, Vigo 1995. Cf. tamén *A Igrexa antifranquista en Galicia*.

²⁵ Cf. *Galegos e cristiáns* nos apartados “Curas nas organizacións nacionalistas”, “Curas no mundo obreiro”, “Os curas de Irímia” e “Unha longa nómina de curas comprometidos no galeguismo”, 188-260.

²⁶ Temos unha ampla información sobre este grupo nacido en 1972 e a súa presenza en Galiza, onde estivo formado sobre todo por curas, en *A Igrexa antifranquista en Galicia*, 57-69. CpS chegou a Galiza da man duns curas do Barrio das Flores, moi próximos ao PCG e que logo evolucionarían cara á ANPG.

1. Primeira detención e cárcere

O 14 setembro de 1974, xa con novo arcebispo en Santiago, o vasco Angel Suquía, Moncho Valcarce foi detido en Betanzos, nunha reunión clandestina organizada polo PCE (i) –logo o PT (Partido do Traballo)-²⁷. A noticia resultou novidosa e escandalosa para moitos: ¡Un cura detido pola policía! Sen embargo, para os seus amigos, e mesmo para os seus fregueses, foi algo case que esperado, mesmo comprendido e ben significativo; así o reflectiron as manifestacións dos veciños de Sésamo e Sueiro a favor da súa liberación, e despois, cando o recibiron baixo un arco de triunfo. Por outra banda, o feito de multar ou deter un cura, non era tan excepcional nos derradeiros anos da Dictadura. Polo seu impresionante *Diario de Poio* coñecemos os detalles da súa detención en Betanzos, onde pasou tres días coas súas noites no cuartel da Garda Civil, o encarceramento na comisaría de Policía de A Coruña e na Prisión provincial, e semanas despois o seu confinamento nos meses de Outubro e Novembro no convento de Poio, para cumprir arresto substitutorio por non pagar as multas que lle foron impostas por isto e outrs feitos “delictivos” (algunha homilía). O arcebispo Suquía foi visitalo cando estaba preso en A Coruña, e un grupo de curas asinaron unha carta de apoio a Moncho publicada en *La Voz de Galicia* (22/9/74). Puxérono en liberdade o 11 de novembro, como lembra nunha das súas cartas posteriores.

“Cando se pasa setenta e dúas horas, poucas fora pero dentro séculos, nas *chekas* da paz policial de candado, morte e tortura, un principia a ser outro, porque faise *home galego*... Principia a ser un con todos, unha man cinguida a moitas...

A pesares dos medos, torturas e golpes, un enchese de ledicia, pois sinte aquilo que escribira Paulo: ‘deixade ó home vello e revestídevos de luz’. Decátase que xa é un máis pra completar a liberación do Cristo, morto fai moitos anos pola causa da Xusticia Popular... Un síntese cheo de ledicia porque as súas naves se queiman e *hai que seguir!*... Un principia a ser *patriota galego e crente galego!*...” (*Diario de Poio*).



O eco do arresto na prensa

A detención foi unha experiencia impresionante para el; a falta de respeito, a dureza e o maltrato, mesmo a brutalidade física con que foi tratado... O seu compañeiro

²⁷ Con Moncho Valcarce foron detidos Fernando Solla, M^a Isabel Carro, Ariadna Tortosa, José Luis Muruzabal, Abelardo García, José Luís Burgos e Juan Fariña, tal como reflecte a sentenza coas multas que lles impuxo o Ministerio da Gobernación.

Fernando Solla fala de golpes nos pes cos mosquetes, malleiras cunha goma de cociña, etc. Pero, lonxe de manifestar odio para os que o levaron preso, Moncho escribe desde Poio una carta impresionante aos veciños das súas parroquias (25/10/74), invitándolles a ir a misa, a pesar da súa lexítima postura de non querer ir como expresión de protesta pola súa detención. “Non queremos outro cura que non sexa Don Ramón”.

“Douvos as gracias por esa solidariedade, que me fai sentir moi perto de vós. Escribovos non soio para vos dar as gracias, senón tamén para pedirvos que o día primeiro, Día de Tódolos Santos, participedes na Eucaristía... ide á Misa coa idea de que a morte está no mundo porque hai homes, coma Caín, que asoballan ao seu irmán, sèrvense del, utilízano coma máquinas de produción... Deixade o camiño da morte, que é o dos que están calados, dos que resiñadamente aceptan a inxusticia”.

A partir dese tempo, a casa rectoral de Sésamo estará continuamente moito máis vixiada pola Garda Civil. Porén, a pesar de tanta vixilancia, seguiu celebrando reunións de labregos contra a cota empresarial e polo prezo do leite, entre outras reivindicacións. Sufriu por iso multas, detencións, cárcere e malleiras das forzas de orde público. Sen embargo, semellaba recibir todo isto coa maior naturalidade e xamais mostrou odio contra ninguén, coma expresión do fundamento cristián da súa loita. Pola contra, o que fixo a represión foi metelo cada vez máis a fondo na loita política organizada. “Despois de estar na cadea, xa non me quedaba outra alternativa, e comprometinme definitivamente na loita”, di na citada entrevista de *Teima*. Cando se lle dicía do perigoso da súa actuación, afirmaba con seguridade que “os curas que din que non se meten en política, menten”; e cando lle dicían que estaba sendo manipulado, contestaba: “se eu son utilizado, tamén son utilizados os que está situados co poder e colaboran coa súa política represiva”. Porque, como dixo tamén na entrevista de *Teima*: “A Igrexa actual é un instrumento de poder ó servizo do colonialismo no que está sometida Galicia”. Por iso, para el –falando seguramente desde o punto de vista da ascendencia moral- “a Xerarquía galega non é tal Xerarquía”; e os curas son “desertores do arado”, por iso estás desclasados. Aínda que non todos; pois había tamén curas que asumiran unha función política popular e unha loita, e convertéranse “nuns verdadeiros curas malditos”, di Moncho; facendo referencia concretamente a un equipo de Ribadavia, que tiveron graves problemas co bispo ultra Temiño, quen acabou desfacendo o equipo.

2. A batalla das Encrobas

O 1977, principal ano das loitas populares galegas, foi o de máis intensa actividade social e política na vida de Moncho (ver Cronoloxía). Fíxose famosa unha frase súa: “Agora, os curas galegos do rural, no canto de estampañas, repartimos panfletos”. Tamén se fixo famoso, como algún outro cura, polas multas impostas a cauda das súas manifestacións públicas dentro e fóra da igrexa.

Colabora coa Asociación de Veciños de San Pedro de Nós (A Coruña) e forma parte da primeira directiva da Asociación Cultural Alexandre Bóveda da Coruña.

Moncho detido en Pao Rañou (As Encrobas, A Coruña), despois de que a garda civil tentase desaloxar das súas terras aos veciños das Encrobas e Meirama e eles se manifestaran ao berro de “A terra é nosa e non de FENOSA”. A empresa FENOSA ameazara a esa parroquia coa súa desaparición, pola explotación dunha mina de lignito. O seu amigo Vicente Cerdeiriña publicou no *Diario de Pontevedra* unha “Carta ao crego Ramón, que está na cadea”, que empeza con estas verbas: “Benquerido Ramón. Por solidariedade cos máis pobres da nosa terra, os labregos, atópaste neste intre na

cadea”²⁸. Xosé Chao Rego escribiu tamén daquela dicindo que Moncho fora “ao enterro das Encrobas”, e a xente veríao alí como “un da *fe nosa* que non os deixou cegos, senón que lles levou a luz da súa vela”²⁹. Pero nada máis saír do cárcere provincial, Moncho, no canto de recuar na súa loita, foi dicir nun funeral na parroquia do coruñés barrio das Flores (por un rapaz electrocutado cando tentaba poñer unha pancarta solidaria): “Emilio morreu por culpa de Fenosa”; pediu logo pola Igrexa, que “estivo sempre apoiando o capital”, que “atropella á xente nas aldeas” e “que se lava as mans cando piden xustiza os obreiros”, esa Igrexa que “da a man á condesa de Franco e a Oriol”³⁰.



A loita das Encrobas tivo tan gran difusión en tódolos medios de comunicación e foi tan significativa, que Moncho foi coñecido a partires daquela como “o cura das Encrobas”. A súa figura reivindicativa deixou na retina da xente “a imaxe dun David xusticieiro ante un poderoso Goliath termoeléctrico”, como escribiu Manolo Rivas na entrevista citada (1989). Para Moncho “nas Encrobas se atopaba a gran esperanza dos galegos” (*Teima*, Abril-Maio 1977). Dez anos despois (1987), Moncho facía a Alfonso Eiré un balance daquela loita, no que declaraba:

“Agora vexo aquela loita como un movemento reivindicativo dos labregos. Un movemento que se fixo co apoio do nacionalismo e das Comisións Labregas. Soubemos facerlle fronte non só a un monopolio como Fenosa, senón tamén a unha Lei de Expropiación que lle daba a razón... Aquela loita tivo dúas conclusións: que as CC.LL colleron carta de natureza en todo o campo galego. En segundo lugar lógrase tamén unha conciencia nacionalista na Galiza propiciada por esta loita... Para os veciños tamén foi un triunfo, non só por acadar compensacións económicas moito máis altas que as ofrecidas e nunca dadas noutros lados, senón tamén porque á xente quedoulle o orgullo da vitoria...Hoxe ti podeches comprobalo cando falaches cos veciños, sintense protagonistas dunha xesta histórica, dunha vitoria que non esquecen e que lles están transmitindo aos seus fillos”³¹.

Pero anos despois (1989), Moncho confesa a Manolo Rivas na entrevista citada ter “unha gran amargura” polo que aconteceu logo: “Foi un gran desengano” –dixo-, “moitos comportáronse como novos ricos”. “Os cartos corrompen sempre”, dille ao escritor galego; “un dos disfraces preferidos de Satanás é o diñeiro”. Moncho, conforme co Evanxeo, ten moi claro: “Non se pode servir a Deus e ao diñeiro”. Pode que estas palabras tristes de Moncho, aínda sendo súas, estean sacadas de contexto e dean a

²⁸ “Carta ao crego Ramón, que está na cadea”, *Diario de Pontevedra* 22/2/77.

²⁹ *La Voz de Galicia* 2/3/77.

³⁰ *Diario 16*, 19/2/77. Máis resumido *La Voz de Galicia* 16/2/77; tamén *El País* 20/2/77.

³¹ “O lider analiza os feitos dez anos despois. Ramón Valcarce: Os veciños sintense orgullosos da súa xesta”, *A Nosa Terra* 29/01/1987.

impresión inxusta dunha corrupción total. A realidade foi que -como nos teñen comentado tamén- aínda quer a todos se lles pagou como se reivindicaba, a maioría dos vellos só levaron unha pequena pensión, a algúns poucos dos novos déronlles traballo, e somente moi pouquiños poderían considerarse *novos ricos*. As declaracións anteriores de Moncho -soamente dous anos antes- non manifestan ese desengano, senón o contrario. E na Irmandade Moncho Valcarce non se ten a idea de que Moncho tivese esa visión negativa da batalla das Encrobas.

3. Baldaio e Xove




Situado, tamén, na vangarda do ecoloxismo nacente, que buscaba defender a realidade natural do país, Moncho será detido novamente pouco despois, tras participar nunha manifestación de apoio aos veciños para que non expropiasen as marismas de Baldaio (Carballo, A Coruña). De maneira semellante ás Encobas, unha empresa co nome de “Baldayo S.L.” apropiouse da marisma que, ademais de ser un nicho ecolóxico de moitas especies, daba vida a varias aldeas dese lugar, para destruíla coa extracción da súa area como negocio. Moncho participou activamente na manifestación en apoio dos veciños contra a expropiación da marisma que logo remataría nun grave enfrontamento coa garda civil na propia praia con varios feridos. A detención de Moncho tivo lugar no Hospital Juan Canalejo, xunto outras dúas persoas, cando ían preocuparse polo estado dos feridos. Gobernación meteulle unha multa de cen mil pts. por “apología de la violencia y el desorden”. Aínda se pechará xunto a un grupo de veciños de Lema na igrexa de Carballo pola mesma causa:

“A loita continúa, non só en Lema, senón en toda Galiza, e continuará mentres as praias e os montes veciñais estean nas mans dos ladróns e caciques que nos asoballan -di-. Mentres non pasen ás mans do pobo... O noso peche non foi só pola concesión que o Ministerio fixo... tamén en protesta polo estado de colonización que se atopa nosa nazón, Galiza” (*El Ideal Gallego* 27/9/77).

No mesmo compromiso ecoloxista e social, Moncho participa xunto a unhas 8.000 persoas na manifestación en contra da Central Nuclear de Xove (no norte de Lugo); outra vez contra Fenosa pola súa proposta de construír alí unha central nuclear. Os manifestantes formaban unha verdadeira serpe de 2 Km. no camiño de Viveiro á Xove, que algúns medios de comunicación restaron á metade. Nos mítins ao remate dela, as verbas de Moncho “serán con moito as máis radicais” e falará “da necesidade dunha loita anticolonialista para rematar co imperialismo”³². Finalmente, a central non chegaría a construírse.

³² Cf. “Non xove a gusto de todos”, *Teima*, 21-28 abril 1977.



Unha pegatina alusiva á marcha sobre Xove

Moncho participa tamén nas concentracións contra a cota empresarial da seguridade social agraria; en Lugo (*El País* 6/9/77, fala de Moncho como un “recoñecido líder agrario”) e na concentración convocada por CCLL en Compostela. Nas palabras que dixo ao remate das manifestación, Moncho repetiu: “Os labregos son a alma de Galicia”.

4. Militante da ANPG e candidato ao senado. Unha figura popular en Galiza

Ese mesmo ano de 1977, Moncho ingresa na AN-PG. E, na asemblea fundacional das Comisións Labregas (CCLL) recibe o carné número 1 de membro dos Comités de Axuda á Loita Labrega (CALL), os colaboradores non labregos daquel Sindicato Labrego Galego.



O carné da ANPG

Finalmente, nas eleccións xerais de xuño, Moncho é candidato ao senado como cabeza de lista pola provincia da Coruña co Bloque Nacional-Popular Galego; outro clérigo, Francisco Carballo, sería á súa vez pola provincia de Ourense e o poeta Manuel María pola de Lugo. Aínda que non conseguiu a acta de senador, Moncho obtivo máis de 30.000 votos. Moncho aparecía nos mitins a carón de Manuel María, Bautista Álvarez, Paco Rodríguez, Camilo Nogueira... pero os meirandes aplausos levounos Moncho en máis dunha ocasión, como recolleu a prensa: “Grandes ovaciones y gritos de ‘Moncho, Moncho’ saludaron la intervención de Ramón Valcarlos, que fue el más aplaudido de los oradores” (*El Ideal Gallego* 9/6/77). Nunha páxina de *La Voz de Galicia* (9/6/77), que falaba do mitin de presentación da candidatura, poñendo moita menos xente da que estaba presente, Moncho escribiu: “A prensa capitalista faínos o boicot porque dicimos a verdade do POBO. Eu dicen máis e non o poñen; cousas tan reais que non me deixaron durmir en Sésamo, ¡polo medo a unha malleira ou cousa

peor!”. A súa irmá Adela dixo que aquela noite chamaran a súa casa para dicir que tiñan dúas balas preparadas para Moncho; noutra chamada, dixéronlles que Moncho estaba morto. O certo é que se correu tal cousa por toda A Coruña, sendo mesmo noticia de periódico³³.

Con todo o movemento que tivo este ano, non é de estrañar que a figura de Moncho Valcarce se fixera tan popular en Galiza, que aparece cara ao remate do ano en *El Ideal Gallego* (4/12/77) como un dos máis votados para un hipotético goberno da Xunta de Galicia formado por doce homes. Aínda que estaba detrás de X.M. Beiras (presidente), D. García Sabell, Ramón Piñeiro, Paz Andrade, F. Fernández del Riego... estaba diante de Camilo Nogueira e outros egrexios galegos.

5. Actividade política como concelleiro en Culleredo e outras accións

No ano 1979 saíu elixido concelleiro de Culleredo (A Coruña), como candidato independente en representación do BN-PG (Bloque Nacional-Popular Galego), nunhas eleccións nas que o Bloque acadou cinco concelleiros. Formou parte do grupo da oposición, pois acadou a alcaldía a lista da UCD, a pesar de non ter a maioría, contando co apoio do único concelleiro do PSOE³⁴. Na lexislatura seguinte (1983) o Bloque acadou tres concelleiros e Moncho volve ser elixido -xunto con Eduardo e Marzoa- xa coma membro do BNG e gobernando en colación co PSOE; foi tenente alcalde, presidente da Comisión de Educación e Deportes e relator da Comisión de Cultura. Aínda en 1987 consegue por terceira vez o escano de concelleiro, aínda que o Bloque mingua a dous; pero Moncho xa non exercerá o cargo. En parte polas presións do arcebispo Angel Suquía, pero tamén por un cansazo na súa actividade política, co sentimento de que rematara unha etapa da súa vida. “Eu xa fixen o meu traballo... Oito anos de concelleiro chegaronme ben”, di nunha entrevista³⁵.

Así vía o mesmo Moncho o seu traballo de concelleiro municipal.

“O traballo dun concelleiro non é ‘el por el’, senón que é mobilizando á xente. Cando entramos no Concello de Culleredo só existía unha concentración escolar totalmente insuficiente. Non porque o concelleiro fose eu, senón que xunto ós pais de familia conseguíuse unha nova concentración... No aspecto cultural, exactamente o mesmo: o programa de cultura facíase cos centros culturais das distintas parroquias...

Para min foron moi gratificantes os anos de concelleiro en Culleredo, porque era un traballo que se estaba a realizar co pobo, non en plan caciquil, ‘aquí está o mesías’... O mesías era todo o pobo: os pais de familia, os centros culturais, os equipos deportivos.

Os concellos deberían entender así a política, o que sucede é que están pechados neles... O Concello é a casa común de tódolos veciños, ou debería ser”³⁶.

No Concello loitou con toda ilusión e bastante éxito pola súa democratización, pola galeguización e pola xustiza social, saíndo coma sempre en defensa dos máis débiles. Denunciou o cobro dunha serie de impostos trasnoitados, coma os que había

³³ Cf. *Moncho Valcarce. O cura das Encrobas*, 107. Puiden ver un recorte de *El Ideal Gallego* no que se comentaba o feito con este titular: “El párroco de Sésamo no sufrió ningún atentado”.

³⁴ A corporación de 1979 estaba composta por 6 concelleiros da UCD, 5 do BN-PG (Moncho, Eduardo, Ana Pallares, Félix Z. Riveiro e Anxel Sotillo), 5 da Candidatura dos Veciños -tamén do ámbito nazonalista, pero escindidos- (Valiño, Marzoa...), e 1 do PSOE (Xulio Sacristán, logo alcalde).

³⁵ Entrevista a Moncho Valcarce realizada por Gumersindo Campaña, 109.

³⁶ *Ibid.*

que pagar polo can e polo carro, esixindo a súa supresión. Tamén pediu a elección de alcaldes de barrio polos mesmos veciños e conseguiu que no 25 de xullo de 1979 ondease por primeira vez a bandeira galega. Logrou que se celebrase o Día das Letras Galegas e organizou cursos do idioma; promoveu a cesión de parte do igrexario para a construción dun campo de fútbol; traballou pola mellora dos colexios e conseguiu a instalación dun parque infantil; organizou cursos de natación para os pequenos, etc. etc. O alcalde de Culleredo, Xulio Sacristán, ten dito verbo da súa vida como concelleiro: “O máis salientable de Moncho foi a súa capacidade de diálogo, de relación coa comunidade. O que Moncho dicía de palabra, cumpríao de obra... En xeral levábase ben cos veciños e non tiña ningún mal *rollo*. Os enfrontamentos que puido haber viñan con aqueles cos que Moncho non estaba de acordo porque mangoneaban situacións”³⁷.

Desde a primeira lexislatura, as normas eclesiásticas, aplicados dun xeito estrito con Moncho por parte de Angel Suquía na diocese de Santiago, obrigárono a deixar a responsabilidade pastoral das súas parroquias, limitándose a celebrar só a misa de cada domingo en Sésamo. Nunha carta publicada en *La Voz de Galicia* no ano 1988 por Eduardo (Wenceslao Martínez), compañeiro de Moncho no Concello, indica con moito acerto que estas normas non se aplicaban de igual xeito para todos; pois impedían a Moncho seguir sendo párroco de Sésamo por ser concelleiro do BNPG, e non así ao cura de Cospeito, que era do PP, e outros por Galiza adiante. Vicente Cerdeiriña mandoulle a Moncho, xa en Salamanca, e este contestoulle a Eduardo, dándolle as grazas: “A túa carta é un apoio meirande para continuar na liña de loita pola Patria e pola implantación do reino de Deus... sentínome xustificado en todo o que fixen e non podedes imaxinar a ledicia cando a lin”³⁸.



Moncho nun mitin do Sindicato Labrego Galego

A pesar do seu intenso compromiso institucional, Moncho non desatende a súa experiencia relixiosa e fai en febreiro de 1983 uns Exercicios Espirituais en Pontedeume, dos que nos deixou unhas reflexións que veñen ser dos seus textos máis impresionantes. Estes días de oración, lonxe de significar unha ruptura coa súa acción política, e mesmo o compromiso cun partido concreto -o BNG, partido co que seguirá exercendo como concelleiro municipal-, reafírmase nesta.

“Sentan ben este silencio e esta oración... Sinto a necesidade... de comunicarme con Deus... Atópome baleiro de Deus dentro de min ...

Todos temos que ser santos, sexa a idea ou crenza que teñamos... A santificación é o compromiso coa realidade...Eu non podo santificarme nin con Carrillistas, nin con Felipes... Con Cristos! Cristo faise realidade na Eucaristía que é solidariedade... co

³⁷ Moncho Valcarce. *O cura das Encrobas*, 118, 119.

³⁸ Cf. Moncho Valcarce. *Semente en todos os campos*, 21-22.

labrego, mariñeiro, camioneiro, proletario, técnico... que fan posible o PAN e VIÑO... Convénceme non con palabras, senón con feitos, o Bloque; por iso pertenzo a el, como máis presbíteros e bautizados...

A nosa misión é revolucionaria e, na medida que nos comprometamos co pobo asoballado e tiranizado, nos uniremos a Cristo... A conclusión que estou a facer é: seguir na actividade política, pero tentando achegarme máis e máis a Deus e sobre de todo ao Xesús materializado no noso pobo asoballado”(Diario de Exercicios Espirituais).

Tamén aproveitou as vacacións dese verán para ir á Terra Santa, facendo un Curso Bíblico-arqueolóxico en Israel, dirixido polos profesores M. Gomez Gutiérrez e A. Rodríguez Carmona, da Fac. de Teoloxía de Granada. Moncho tivo que facer previamente un estudio sobre os polémicos descubrimentos de Qumram e os esenios. Presidiu a eucaristía e predicou na igrexa Dominus Flavit de Jerusalén, e, co seu amigo e cura Vicente Cerdeiriña, fixo unha das lecturas da Palabra en galego na eucaristía celebrada na basílica da Natividade de Belén. Foi a primeira vez que se proclamou nese lugar a Palabra de Deus en galego. No libro *Memorias del Curso*, un dos asistentes, poeta, escribe de Moncho e Vicente: “La seriedade profunda de Vicente... el empuje de Moncho roturando caminos con su carisma indócil”. En Agosto do ano 1986 participaría tamén no XVI Curso Bíblico organizado pola Facultade de Teoloxía en Granada, con prestixiosos biblistas como Contreras Molina e Rodríguez Carmona.



Moncho en Belén (Palestina) na praza da basílica da Natividade (o primeiro pola dereita), onde proclamou a Palabra de deus e galego. Acompañano dous curas galegos: Vicente Cerdeiriña (centro) e Severino.

En 1985 foi a Suíza con Narciso Marzoa, tamén concelleiro de Culleredo, convidado polos Centros Galegos, para dar conferencias aos emigrantes.



Moncho (segundo pola dereita) con veciñas/os de As Enchousas

Moncho seguiu presente na vangarda das principais loitas reivindicativas de toda Galiza. En novembro de 1984 aparece xunto a uns humildes caseiros de As Enchousas (As Somozas, A Coruña), para impedir que dun xeito caciquil fosen botadas trece familias do lugar; uns arrendatarios que as mantiñan dende tempo inmemorial. Moncho é golpeado polas forzas de orde e detido. No ano seguinte participa activamente nas loitas dos gandeiros contra a cota do leite, liderando moitas manifestacións. Logo virán as loitas contra as celulosas, a defensa dos montes veciñais, a loita contra o vertedoiro de Bens (A Coruña), a participación nas manifestacións contra o ingreso de España na OTAN, etc.

6. “Ano sabático” en Salamanca



Foto de Moncho neses anos

No 1987 as dioceses de España comezaron a organizar na Universidade Pontificia de Salamanca un curso anual de formación permanente para sacerdotes que tomasen un ano sabático. A diocese de Santiago “ofreceulle” a súa praza a Moncho (“penso que non sabían que facer comigo”, díxolle a Gumersindo Campaña). El aceptouna; aínda que era moi consciente de que se trataba dunha maneira fina de Angel Suquía para forzalo a deixar a actividade política, Moncho xa non estaba moito polo

labor, como vimos. En todo caso, un exilio, aínda que voluntario, que el viviu como un “desterro” lonxe da Terra, tal como reflicte en algunha das súas cartas.

Con todo, tomou o curso con moita ilusión, e escribiu como memoria final dos seus estudos un traballo de título significativo: *O compromiso político dun presbítero nunha realidade concreta: Galicia*, asinado o 23 de abril de 1988 nun lugar ben simbólico: Villar de los Comuneros. Neste traballo, Moncho reflexiona sobre a situación do pobo galego e a loita dun cura pola súa liberación, ratificándose no seu compromiso sociopolítico con Galiza, compromiso de acción pastoral cristiá e galeguista.

“A miña conciencia galega aumenta na medida que afondo na fe e no que esixe ser cristián, ordenado presbítero, en Galiza. Non podo separar fe, presbiterado e conciencia de ser galego.

O meu servizo político, na loita... foi e é unha obriga á miña fidelidade a Xesús e o meu amor ao pobo, que non son cousas diferentes, senón unha soa fe e un só amor”.

Nas cartas que lle enviou a Vicente Cerdeiriña -que, aínda que lle di “que non lles ensine a ninguén”, foron parcialmente publicadas en *Irimia*- temos anacos do seu diario salmantino, no que deixa ben reflectida a morriña e a señardade da Terra, a carón do seu claro sentimento nazonalista.

“Xa me dá medo unha tarde na que non pasa o tempo e sexa dona da morriña; pero como escribiu Castelao en Badaxoz: ‘Non temades os meus arrouts sentimentais, porque xa deixei de ser mozo. Paseando decateime do tristeiro que é estar só no ‘extranxeiro’ onde non coñeces a ninguén... Un parece un pasmarote, un espantallo... cousa que non sinto cando paseo soio polas cidades da miña Nazón” (7/11/87).

“Como se atopará Galiza? Supoño que como a deixei, cos caciques rebulindo e a xentiña a calar, engaiolada coas parvadas de sempre. Aqueles que soio falan galego na política e logo son españois-falantes, téñense por galegos e non se decatan ca súa galeguidade é valleinclanesca” (8/11/87).

“Galiza está no meu corazón e nos meus miolos... Os galegos levamos a Patria non nos zapatos, senón no corazón e nos miolos” (9, 14/11/87).

7. Último destino: Equipo pastoral de As Pontes

No mes de agosto de 1988, despois de remata-lo curso de Salamanca, decidiu iniciar unha nova etapa dedicándose por completo á actividade pastoral de cura. Parece que tiña decidido non volver para Sésamo polo contraste entre xercer só como cura e a súa actividade política anterior; pero non sería estraño que tivera algo que ver nesta decisión a xerarquía compostelá, que non quería que volvera as súas vellas parroquias, onde lles dera tantos crebacabezas... Nun principio parece que ía ir para a zona Negreira, pero tivo que desistir porque xa os colegas da “tabla” estaban moi receosos, sobre todo pola súa gratuidade do ministerio que lles podería fundir a economía. Manuel Espiña díxolle a Moncho: “Os curas da comarca están alarmados porque lles estragan o comercio; ti non cobras nada... Vante recibir mal”. A comezos de setembro foi convivir uns días co equipo pastoral de As Pontes, formado por tres curas da diocese de Mondoñedo e catro monxas da Compañía de María, que atendían parroquias lindeiras coa diocese de Santiago. Recibírono encantados, como conta aquí Herminia Estoa, unha das monxas que formaba parte do equipo, no seu testemuño.

“Ás persoas máis achegadas a el, pareceulles que as Pontes podía ser o lugar máis axeitado porque sería un traballo en equipo e había parroquias da Diocese de Santiago, a que el pertencía, e que as podía atender.

O día 8 de Setembro, o Equipo ten unha reunión na que se propón a posibilidade de que Moncho Valcarce viñese formar parte del. Todos aceptamos, sen dubidalo... Recibímolos encantados, foi ben acollido e así o sentiu el”.



Cos/as compañeiros/as de As Pontes

O novo arcebispo, Antonio Rouco Varela, noméao para formar parte do equipo, e o 22 dese mes incorpórase definitivamente para atender as parroquias de San Pedro de Eume, Faeira e San Martiño de Goente, da diocese de Santiago. Era unha zona afectada polas expropiacións da mina e onde hoxe está o depósito de carbón; polo que Moncho chamáballe con humor “a cuenca mineira”. En *Revolucionario e místico* escribe: “Sempre me atopo ben en As Pontes; teñen que ser as atencións da xente, estar no ambiente onde un vai consumándose e realizándose” (páx. 41).



Moncho nunha procesión en As Pontes, acompañado de dous compañeiros curas, Antonio Rodríguez Basanta (a súa dereita) e Enrique Rivera (á esquerda).

A incorporación a ese grupo foi o que mellor lle puido pasar entón; alí realizou algo que desexara desde o seminario: a vida en equipo. “Non me explico como no existen máis equipos”, dille a Gumersindo Campaña. Aínda que lle custara ao comezo adaptarse á disciplina dunha vida en comunidade, logrouno. Para o grupo, a súa incorporación tamén foi moi positiva, porque enriqueceu á comunidade coa súa peculiar maneira de ser e as súas utópicas apostas. Así o ten expresado Moncho nalgunha xuntanza que un grupo de relixiosas da Compañía de María de toda España, tiveron en As Pontes (subliñados no texto de Moncho):

“Cada uno es como es, pero el grupo lo respeta, un respeto no paternalista, sino *fundado en el AMOR...* Aquí no hay un *inquisidor monopolista de la verdad* –todo monopolista es un miope, que no ve la marcha ascendente de la historia y no cree en el Espíritu que anima la subida...- La presencia de los compañeros/as es un apoyo, *no un*

refugio para escapar de responsabilidades, sino *aliento* para aceptarlas... La unión hace la fuerza, en este caso mantiene la esperanza en nuestro quehacer, que non agarda las gracias, ni el aplauso... El grupo es una familia donde se *dialoga* e *respet*a el pequeño universo que es la persona” (Agosto de 1992).

Vendo como traballaba aquel equipo, a participación de todos e o protagonismo real das monxas, non é de estrañar que apostara claramente polo sacerdocio feminino, como manifestou na entrevista citada a Manolo Rivas: “Nas Pontes somos un equipo formado por catro curas e cinco monxas. Elas fan todo menos consagrar. ¿Por que non poder? As mulleres deberían mandar na Igrexa, ter o poder na Igrexa”. A parte das actividades directamente como cura nas tres parroquias, da clases no academia Emilia Pardo Bazán e no Instituto de Bacharelato, que logo levará o seu nome, colabora na radio e na asociación ecoloxista “Niño de Azor”, da que foi logo vicepresidente, axuda no sindicato Comisións Labregas... Destacaba a súa facilidade para conectar coa xuventude e coa xente das ideoloxías máis opostas, sendo aceptado por todos.

Desde As Pontes, aínda na primavera de 1991 participa nas manifestacións de apoio aos caseiros de Larín (Arteixo), cando lles quitaron a casa e as leiras que viñan traballando desde antes dos seus avós. E en agosto do 1991 participa no curso bíblico “As rutas de San Paulo”, en Turquía, con Vicente Cerdeiriña.

8. Enfermidade e morte



A última foto de Moncho, na tenda de Xácome Santos

En decembro de 1991 descóbrense-lle pólipos no intestino, e en febreiro do ano seguinte ingresa na residencia “Juan Canalejo” da Coruña. É operado e diagnósticaselle cancro; dáselle a alta en marzo. De abril a xullo é tratado con quimioterapia que, en ocasións lle produce fortes reaccións. En setembro restabléceselle de novo o tratamento de quimioterapia. Finalmente, en decembro danlle atención domiciliaria con fortes doses de calmantes, pois xa non pode saír da casa; mesmo pídesse unha dose extra de estupefacientes pola forte dores que padece.

Moncho sabía da gravidade da súa doenza, aínda que no comezo ocultóuselle as metástases e os dous tumores que tiña no fígado. Gracias á quimioterapia, puido aínda conectar cos seus antigos fregueses e demais amigos, para agradecer e darlles ánimos, e

ordenar por carpetas os papeis e documentos do seu arquivo, a fin de llelos poder deixar aos interesados. No seu *Diario íntimo da doenza final* escribe:

“(Señor, Deus, axúdame! Que o malestar que teño sexa liberación para os oprimidos, axuda para todos... dunha maneira especial as parroquias benqueridas de As Pontes, Sésamo, Sueiro, Poio” (p. 37).

Vai a As Pontes para misar por derradeira vez e no mes de setembro, sentindo xa que lle faltaban as forzas e que a doenza o poñía na recta final, veu para A Coruña, ao coidado das súas irmás, xunto á súa nai. Os que o visitaban comprobaban a serena aceptación do seu fin, e a grandeza do seu corazón para seguir preocupándose de todos, especialmente dos máis pobres, dos enfermos e dos vellos. Seguía con interese a marcha do mundo e a vida das súas comunidades. Rezaba os salmos en galego, e sobre todo escribía o *Diario*. Recibiu os últimos sacramentos, que lle administrou o seu amigo Vicente Cerdeiriña, con moita anticipación. Con serena naturalidade, encargoulle a Manuel Espiña que presidise o funeral e que na esquila non puxesen a hora do enterro; que non houbese flores, que cubrisen a caixa coa bandeira galega e que cantaran o Himno Galego.



Imaxe do enterro tomada da prensa

O 1 de febreiro 1993, á 1,15 da mañá, morre na casa da súa nai en A Coruña. As dezaseis expresivas esquelas en *La Voz de Galicia*, ao día seguinte, manifestaban o seu eco en diversos sectores da sociedade galega. O funeral, na igrexa de San Pedro de Mezonzo, presidido por Manuel Espiña, contou cun considerable grupo de curas de distintas tendencias –o vicario episcopal X. Garcia Gondar e os condiscípulos, xunto a curas galeguistas como Torres Queiruga e do Opus Dei- e un numeroso grupo de leigos nunha celebración sentida e moi participada. No multitudinario enterro no cemiterio de San Amaro, leuse o poema “Dende a Armórica”, de Bouza Brey:

Quero que sexas ti o que eu xa non hei ser:
lume na noite, estrela no mencer,
ave no ermo, canto no mar maior,
singular mareante por todo inmenso mar...
Quero que ti conquiras o que eu non hei conquistar:
polo enxamio dos astros a patria do porvir,
miña Galiza chea, comprida, sideral...
un planeta senlleiro, todo limpo de mal!

Moncho volveu a Deus correndo, porque non era deste mundo ruín, ou porque era feramente humano. “Por uns anos vai resultar incómodo falar de ti -escribiu Ferro Ruibal-, porque os santos deixades feridas na conciencia que tardan en curar”. Oxalá, despois duns anos atopemos máis nimiamente a verdadeira figura de Moncho Valcarne; sen dúbida un dos iconos e mitos necesarios da Galiza contemporánea.

CRONOLOXÍA

- 1935 Nace en A Coruña o 5 de setembro.
- 1945 Vai interno ao Colexio dos Xesuítas de Vigo, onde fai o bacharelato.
- 1952 Finaliza o Preu no Instituto Masculino de Ensino Medio de A Coruña, despois de facer a revalida no mesmo centro, tras ser expulsado do Colexio de Vigo.
Matricúlase na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago; perde o curso.
- 1953 Matricúlase por libre na Facultade de Dereito e estudia en A Coruña.
- 1961 Empeza a escribir o *Caderno marrón*, un diario de mocidade (1961-1962).
- 1962 En outubro ingresa no Seminario de San Martiño Pinario, en Compostela.
- 1964 Vai a Roma para facer os estudos de teoloxía na Universidade Pontificia.
Escribe o *Caderno verde*.
- 1966 Retorna ao Seminario de Compostela.
Empeza o curso, pero é expulsado do Seminario e enviado á Coruña.
- 1967 Retorna novamente ao Seminario de Compostela.
2ª parte do *Caderno marrón* (1967-1968).
- 1970 O 11 de xuño recibe o diaconado, e o 19 de decembro é ordenado sacerdote.
- 1971 É destinado ás parroquias de Sésamo e Sueiro (Culleredo, A Coruña).
- 1974 En setembro é detido en Betanzos, encarcerado na Coruña e logo recluído en Poio.
En Outubro escribe no mosteiro o *Diario de Poio*.
- 1976 Afíliase aos Comités de Axuda á Loita Labrega (CALL).
- 1977 O 15 de febreiro é detido en As Encrobas.
O 21 de marzo ingresa na AN-PG.
O 10 de abril participa xunto na manifestación en contra da Central Nuclear de Xove.
O 8 de maio, é detido novamente en Baldaio (Carballo).
O 15 de maio recibe o carné nº1 do Sindicato Laabrego Galego (CALL).
O 15 de Xuño é candidato ao senado como cabeza de lista pola provincia da Coruña co Bloque Nacional-Popular Galego nas eleccións xerais.
O 23 de setembro péchase con sete veciños de Lema na igrexa de Carballo.
O 26 de novembro participa na concentración contra a cota empresarial en Lugo e logo na concentración de Compostela.
Participa nas loitas de Tordoia (Ordes) e Portodemouros (Arzúa), contra un encoro.
- 1978 Participa na loita contra o verdedeiro de Bens (A Coruña).
- 1979 É elixido concelleiro no Concello de Culleredo polo BN-PG.
O 25 de xullo esixe que ondee a bandeira galega no Concello de Culleredo.
- 1983 Logra por segunda vez o escano no concello de Culleredo.
En febreiro fai uns Exercicios Espirituais en Pontedeume e escribe un *Diario*.
No verán participa nun Curso bíblico-arqueolóxico en Israel.
- 1984 O 9 de novembro é golpeado e detido en As Enchousas.
- 1985 Participa nas mobilizacións contra a cota do leite.
Viaxa a Suíza para dar unhas charlas nos centros galegos do país.
- 1987 Por terceira vez consegue o escano de concelleiro, pero xa non exercerá.
Vai, entón, a Salamanca para facer un curso de estudos na Universidade Pontificia.
Publica na revista *Irimia* “O compromiso polos pobres. Reflexións sobre a teoloxía da Liberación”.
- 1988 Retorna a Galiza. É destinado ao equipo pastoral de As Pontes e da clases no Instituto.
- 1989 Intégrase na agrupación ecoloxista “Niño de Azor”, da que será vicepresidente.
- 1991 Participa nos conflitos de Larín (Arteixo, A Coruña) en apoio duns caseiros.
Participa no curso “As rutas de San Paulo”, en Turquía, con Vicente Cerdeiriña.
En decembro descóbrense-lle pólipos no intestino.
- 1992 O 18 de febreiro ingresa na residencia Juan Canalejo da Coruña. É operado e diagnósticaselle cancro. De abril a xullo é tratado con quimioterapia. En setembro restabléceselle de novo o tratamento. Finalmente danlle atención domiciliaria.
- 1993 O 1 de febreiro, morre en A Coruña aos 57 anos de idade.

A MEMORIA VIVA DO POBO EN PRAZAS, RÚAS E MONUMENTOS



“IES Moncho Valcarce” en **As Pontes**



Praza cun busto de Moncho e “Centro Cultural Moncho Valcarce” en **Culleredo**



“Rúa Moncho Valcarce” en **Corcubión**



Parque cun busto: “A Moncho Valcarlos e a todos os que loitaron coa xente das Encrobas na defensa dos seus dereitos” en **Cerceda**



“Aulario Moncho Valcarlos” na Escola Politécnica Superior da Cidade Universitaria de **Lugo**

A IRMANDADE MONCHO VALCARCE



O primeiro e o último premio “Pola defensa da Terra”: Lidia Senra, polo Sindicato Labrego Galego (1994), e Carlos Callón, pola Mesa pola Normalización Lingüística (2009)



Manuel María e Isaac Díaz Pardo, respectivamente premios “Pola promoción da Terra” (1999) e “Pola defensa da Terra” (2000)